

HÉCTOR CAJARAVILLE

no marco do acto de entrega do XII premio de Relato Curto de Alumni USC, facultade de Filosofía, 22 de maio de 2018

Para os que gustamos da literatura, da Literatura con maiúsculas, o oficio de escribir aseméllase a un inesgotable *buffet* libre no que probar un prato diferente cada vez que nos achegamos a el. Novela longa, breve, infantil, xuvenil, artigos xornalísticos, poesía, teatro... E, por suposto, relato, relato curto, minirrelato, microrrelato...

Así entendo eu a creación literaria, máis na liña do menú degustación que do prato único. Non quere iso dicir que non admire aqueles escritores e escritoras que son quen de elixir con precisión o espazo en que se senten máis cómodos, que escollen un xénero e, unha vez seleccionado ese camiño, sacan ao mundo as súas propostas sempre pola mesma vía: poemas reivindicativos, historias de amor, novela negra ou contos para nenos e nenas... Pero para min optar por un xénero sería prescindir de todos os demais; e talvez algún día, cando encuentre o meu sitio na literatura, estea disposto a iso, pero de momento non é así en absoluto.

Na miña vida hai dúas actividades que destacan por riba das demais, polo menos en canto ao tempo que lles dedico. Unha é a literatura. A outra é correr. E de que estou a falar cando falo de correr? Pois de calquera tipo de carreira, desde as máis curtas ás maratóns, desde *trails* de montaña a probas solidarias como a que nos tivo este domingo a Manolo Fraga e a min de esforzados participantes.

Nunha carreira dunha milla xógalo todo en cinco minutos, saes a todo gas desde que dan o disparo de comezo, e así ata o final; no maratón, pola contra, tes tres ou catro horas para ir desenvolvendo a túa estratexia de carreira, que no meu caso adoita ser simplemente tratar de chegar vivo á meta. Pero as sensacións e as gratificacións son tan diferentes nun e noutro caso que correr só maratóns, por exemplo, ademais de acabar desfeito, me privaría das intensas experiencias que me proporcionan as carreiras curtas. E ao revés: participar só en probas de pequena distancia impediríame gozar do pracer inmenso dos últimos 195 metros dun maratón.

Como nunca vou ser Usain Bolt nin Abebe Bikila, polo menos outórgome o luxo de desfrutar da variedade.

E cando escribo, sucede o mesmo: non quero deixar xénero nin formato por probar, porque de cada un deles, como creador, obteño un tipo diferente de recompensa. Acabo de

publicar unha novela histórica de case 400 páxinas, e ao mesmo tempo sigo escribindo relatos curtos; de feito, tamén presentei un relato a este certame (non houbo sorte nesta ocasión...).

Como nunca vou ser Borges nin Cervantes, polo menos concédome o luxo de desfrutar da variedade.

É verdade que, nestes tempos, sacar unha novela tan longa é unha heroicidade ou un desatino. No meu caso, non me considero un heroe, así que máis ben a cousa vai polo lado do desatino; ou da incapacidade, porque en realidade o que pasou foi que non fun quen de reducir o suficiente. Gustaríame contar iso mesmo na metade de páxinas, porque son consciente de que son poucos os lectores, poucas as lectoras, dispostos a entregar quince, vinte, trinta horas da súa vida a somerxerse na proposta que se lle presenta en forma de libro. Pero non todos valemos para todo; aínda bo é cando valemos para algo...

Na actualidade as preferencias dos lectores van por outro lado. Cada vez os formatos acúrtanse máis; a forma de ler está cambiando. Non é que se lea menos ou peor, senón que a lectura xa non é un exercicio a longo prazo. Lemos no ordenador, no *kindle*, na *tablet*, ás veces mesmo no móbil. Aos cachiños, nun descanso do traballo, agardando por alguén, na cola do supermercado... Pero cada vez son menos os que dedican as vacacións, a fin de semana, unha tarde enteira á lectura. Como vin escrito por aí nalgunha ocasión, “a min xa me dá preguiza ler un *tweet*, todo o que non caiba nunha camiseta paréceme un exceso”.

O relato curto é o xénero que mellor define esta época, este momento histórico en que a urxencia e a inmediatez o dominan todo. Nos últimos tempos asentouse un modo de mocear denominado *speed dating*, que consiste en que cada un dos membros da parella ten cinco minutos para convencer o outro de que é o home ou a muller da súa vida.

Pois así concibo eu o relato: unha historia de amor expés entre quen escribe e quen le. Porque nun relato de tres, catro, cinco páxinas, xogas todo a unha carta. Non hai espazo para crear unha atmosfera atraente, para perfilar unha trama, para afondar nos personaxes... *Aquí te pillo, aquí te mato*. Se en dous ou tres ou liñas non metiches no peto o lector ou lectora, adeus moi boas. *La novela es para los viejos, el futuro es el relato*, que diría Sito Miñanco.

Recoñezo que a min este formato do relato curto me resulta máis complicado de abordar ca outros, por iso admiro aqueles e aquelas que conseguen comprimir nunha dose mínima todo universo; porque encerra a literatura, do tipo que sexa, sempre encerra un universo no seu interior. A novela pode permitirse momentos de digresión, de recreación, mesmo de baixón na intensidade narrativa. E a min ás veces cústame escapar diso.

A recoñecida como mellor novela galega no que vai de século vinte e un, *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, ten corenta ou cincuenta (ou cen) páxinas que hai que superar

para introducirte plenamente na trama. Malia todo, foi elixida como a mellor novela galega deste século. E eu estou de acordo. Porque na novela, e máis nunha novela esixente como é esa, é factible. Pero no relato curto iso non pode suceder: unha desconexión da persoa que le, sobre todo ao inicio, é irrecuperable.

Por iso para min, que entre o que levo publicado e o que nunca se publicará probei máis ou menos de todo, o relato curto é o xénero máis complicado. Non hai preliminares, non hai exhaustivas descrições de escenarios, non hai ornamentos nin atavíos. Tes que entrar a saco, e manter esa tensión ata o final, e iso só está ao alcance duns poucos elixidos, dunhas poucas elixidas.

Falo de elixidos e elixidas con toda a intención. Porque na literatura, como en todos os ámbitos ou talvez un pouquiño máis, a visibilización do labor feminino é imprescindible. Cada vez a literaria é unha actividade máis feminina. Dos dous lados, tanto de quen escribe como de quen le. Na parte das creadoras, só hai que ver os nomes das persoas que reciben a meirande parte dos recoñecementos na nosa lingua, dentro e (cada vez máis) fóra do país: Leticia Costas, Fina Casalderrey, María Canosa, Yolanda Castaño, Andrea Maceiras, María Reimóndez, María Solar, Teresa Moure, Marilar Aleixandre, María do Cebreiro... Mulleres.

E do outro lado, o das lectoras, pasa o mesmo. Algúns dos meus libros son lidos en centros de ensino ou en clubs de lectura aos que logo me convidan a ir de visita. Por iso estou en condicións de afirmar que o noventa por cento dos lectores en galego, dos lectores de verdade, os que fan unha lectura atenta, consciente e crítica, son mulleres. Xa non é a primeira vez que vou a un club de lectura con vinte ou trinta integrantes no que todas son mulleres. E celebro que así sexa, porque a capacidade de conexión, a sensibilidade e a empatía seguen a ser territorios nos que a muller nos leva vantaxe aos homes.

Como xa sucedeu na edición anterior deste certame con María González Blanco, Noelia Cendán Teijeiro e Montserrat Pis Marcos, este ano a gañadora volve ser unha muller, Rocío Leira Castro, que logo nos lerá o seu relato para confirmar todo isto que acabo de dicir.

Volvéndonos ao relato, e xa para ir concluíndo, síntoo por aqueles que necesitan (que necesitamos) unha ducia de páxinas para explicar como unha das personaxes baixa unha escaleira, ou como o protagonista molla unha madalena no café. As persoas lectoras de hoxe en día demandan outra cousa, queren que esa proposta que lles chega sexa unha especie de lóstrego, de labazada, de xute. Se non é así, *si te he visto no me acuerdo*, como se dicía antes; ou *nextazo en cero coma*, como din agora os máis novos.

E xa que remato, aproveito para falar do final. Dos finais. Porque nos relatos, o desenlace é esencial. Ten que sorprender, mesmo estrañar, e a ser posible obrigarnos a

reconsiderar todo o que se nos foi presentando nos parágrafos anteriores. Se un relato conseguiu enganarnos desde o comezo e, aínda por riba, nos agasalla cun final deliciosamente inesperado, *mel nas filloas*, como se dicía antes. Ou *peritas*, como din agora os máis novos.